

## Proposta de resolución da convocatoria de promoción ao corpo de Catedráticos de Universidade do ano 2012

No apartado 3 da convocatoria de promoción ao corpo de Catedráticos de Universidade do ano 2012, aprobada no Consello de Goberno de 24 de maio de 2012, establécese o seguinte:

### **Criterios de priorización de áreas e solicitantes.**

Establécese un dobre criterio: pola composición da plantilla da área do solicitante e por méritos. De cada tres prazas convocadas asignaranse inicialmente polo menos dúas prazas para promoción por criterios de plantilla. Se hai mais solicitudes que prazas ofertadas na convocatoria, a priorización se fará segundo o seguinte procedemento:

a) **plantilla:** priorizaranse as áreas de menor porcentaxe (P) de CU do con respecto ao número de PDI con vinculación permanente (CU, TU, CEU, TEU, PCD) da área, ata completar o número de prazas por este criterio e, en todo caso, ata un valor máximo  $P=25\%$ . A efectos do cómputo de P non se contabilizarán os catedráticos/as de universidade nin os profesores/as con vinculación permanente que cumpran a idade de xubilación obrigatoria no ano da convocatoria.

Unha vez ordenadas as áreas por este criterio, asignarase unha praza por área ata completar o número de prazas por plantilla. Se, realizada a asignación, non se cubren todas as prazas por plantilla, iniciarase unha segunda rolda na que se recalcularía o valor de P, derivado da primeira asignación.

Os posibles casos de empate entre candidatos da mesma área de coñecemento ou entre áreas cun mesmo valor de P desfaranse considerando o criterio b).

b) **méritos:** Terase en conta o número de sexenios da persoa solicitante, mediante a asignación a cada candidato da seguinte puntuación:

$$25(N-N_{\text{CNEAI}})+3K$$

O valor de  $N_{\text{CNEAI}}$  corresponde á media de sexenios no campo CNEAI do solicitante, tendo en conta na dita media unicamente as áreas presentes na Universidade de Vigo. O valor de N corresponde ao número de sexenios do solicitante. O valor de K corresponde ao número de anos completos transcorridos dende a concesión do último sexenio, sempre que non transcorreran mais de seis anos completos dende esa data.

Se transcorreron 7 anos completos dende a concesión do último sexenio o sumando  $3k$  será 0. Se o número de anos completos transcorridos dende a concesión do último sexenio é superior a 7, restarase un punto por cada ano completo transcorrido a partir do 8°.

En caso de empate, desempatarase sucesivamente polos criterios de antigüidade na acreditación, antigüidade como TU ou CEU, xénero e campus.

Se non se cubren as prazas asignadas para promoción por plantilla, incorporaranse á cota de promoción por méritos.

**Na sesión da COAP de 20 de xullo de 2012 foi aprobada a Proposta de resolución da convocatoria de promoción ao corpo de catedráticos de universidade do ano 2012.**

Das 21 prazas convocadas, foron seleccionadas 14 áreas por criterio de plantilla. As 7 prazas restantes destínanse ás áreas en función só dos méritos dos solicitantes (criterio de méritos). En aplicación do procedemento establecido na convocatoria foron seleccionadas as seguintes áreas:

**a) Criterio plantilla**

Área
Historia e Institucións Económicas
Fisioloxía Vexetal
Historia Moderna
Química Analítica
Teoría da Literatura e Literatura Comparada
Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxico
Filoloxía Inglesa
Dereito Internacional Privado
Botánica
Linguaxes e Sistemas Informáticos
Edafoloxía e Química Agrícola
Tecnoloxía Electrónica
Fundamentos da Análise Económica
Microbioloxía

**b) Criterio méritos**

Área
Enxeñería Química
Enx. Cartográfica Xeodésica e Fotogrametría
Ecoloxía
Parasitoloxía
Explotación de Minas
Enxeñería Química
Enxeñería Química